

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO

O tribunal do proceso selectivo convocado por resolución reitoral de 20 de xuño de 2024, para o acceso á escala auxiliar, subgrupo C2, pola quenda de acceso libre («DOG» núm. 126, de 1 de xullo de 2024), en aplicación da base da convocatoria que dispón «antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobado e publicado os criterios de avaliación e corrección» e en aplicación das bases da convocatoria para o primeiro exercicio¹, **ACORDOU**:

Primeiro.- Facer públicos os criterios de avaliación e corrección do primeiro exercicio da fase de oposición.

O nivel de coñecemento da lingua galega esixido é o correspondente ao Celga 4, tal e como se establece na *Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)* publicada no Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo de 2007. Terase en conta tamén o establecido na *Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)*

O nivel correspóndese tamén co nivel C1 do *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación*, elaborado polo Consello de Europa e do que existe tradución a diversas linguas europeas, entre elas ao galego.

A proba de galego consta de dúas partes, unha parte escrita e outra oral. Os criterios seguidos para avaliar cada unha destas partes son os seguintes:

Proba escrita

- Avaliarase a ADECUACIÓN, terase en conta que se resolva a actividade en termos xerais, que se cumpra coa extensión requirida e se traten os puntos esixidos na tarefa cunha información adecuada. Valorarase que o formato textual e o rexistro sexan os adecuados.
- Avaliarase a COHESIÓN e a COHERENCIA, que se presente a información organizada, que se faga un uso correcto e variado dos conectores e que se usen de xeito correcto os signos de puntuación.
- Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos.
- Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a corrección, precisión e amplitude do vocabulario empregado.

¹ Primeiro exercicio. Proba de galego.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acreditasen documentalmente xunto coa solicitude estaren en posesión do certificado Celga 4 ou equivalente.

Para superar este exercicio, será necesario acadar o resultado de apto.

O exercicio terá a seguinte estrutura:

Primeira proba. Comprensión escrita ou comprensión oral + expresión escrita.

As persoas aspirantes deberán redactar un texto seguindo unhas indicacións que se lles facilitarán por escrito. A elaboración do texto deberá basearse na comprensión dun texto escrito ou na comprensión dun fragmento de audio ou audio-vídeo. A duración máxima desta proba será de noventa minutos.

Segunda proba. Comprensión escrita ou comprensión oral + expresión oral.

As persoas aspirantes deberán ler un texto ou escoitar un fragmento de audio ou audio-vídeo e, a seguir, nunha entrevista co examinador, pediráselles que resuman o input e que manteñan un diálogo ao respecto do input recibido, de modo que poida ser avaliada a súa produción oral. A duración máxima desta proba será de quince minutos por persoa aspirante.

Proba oral

- Avaliarase a ADECUACIÓN, que se resolva a actividade en termos xerais, que a produción se adapte á finalidade do acto comunicativo e ao contexto, e que o rexistro empregado sexa o adecuado.
- Avaliarase a INTERACCIÓN, que se empreguen estratexias de colaboración co interlocutor e que se faga uso da quenda de palabra con naturalidade.
- Avaliarase a COHESIÓN e FLUIDEZ, que se presente a información ben organizada e as ideas ben enlazadas, do xeito máis fluído posible.
- Avaliarase a PRONUNCIA e a ENTOACIÓN, que a pronuncia sexa correcta e que se faga un uso axeitado da fonoloxía galega.
- Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos ou sintácticos.
- Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a precisión e amplitude do vocabulario empregado.

Segundo.- Facer públicos os seguintes aspectos organizativos:

- A entrada á proba realizarase en chamamento único segundo a orde de chamamento establecida na convocatoria, que **se iniciará ás 9:00 horas, o día 8 de abril de 2025, na Aula A da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Campus Norte** (Avenida do Burgo das Nacións, s/n, 15782 Santiago de Compostela) para a proba escrita, e nas **Aulas 13, 15, 18 e 19** para a proba oral. En todo caso, o tribunal dará as instrucións oportunas con respecto á distribución nas aulas o día de celebración do exercicio.
- As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio co DNI ou con outro documento que, ao xuízo do tribunal, permita acreditar de forma indubidable a súa identidade.
- As persoas aspirantes deberán de vir provistas de bolígrafo azul ou negro.
- Non estará permitido o uso de teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo de almacenamento de información ou con capacidade de comunicación dentro da aula de exame. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O presidente do tribunal
Félix Navaza Aller

Taboleiro electrónico da Sede Electrónica:

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>

Páxina web das convocatorias da Subárea de Planificación de PAS:

<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/PAS/oeplistado>

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: FELIX NAVAZA ALLER, NIF ***9602**, 17/03/2025 10:06:18.

CSV: 5345-22B9-4430-AF46